

Caza imaxinaria

Infantil Bestiario quimérico e insólito de aparellos cotiáns

*I*maxina animais comparte a exquisitez do seu deseño cos libros de autor e constitúe un exemplo da integración de linguaxes que identifica o álbum, neste caso baseada na complicidade existente entre a proposta estética do deseñador e ilustrador madrileño Juan Vidaurre e o desenvolvemento narrativo de Xosé Ballesteros. Invertindo os pasos habituais da creación deste tipo de propostas, son as montaxes fotográficas as que dan orixe aos textos, como adoita acontecer nos catálogos de arte.

Este bestiario insólito amosa unha ducia de animais imaxinados e establece dende as palabras de presentación que abren o volume un pacto de ficcionalidade co lector ou lectora, redactado polo encargado de biografar os seres plasmados nas instantáneas do profesor Vidaurre ao longo das súas viaxes por recónditos lugares. E certo é que ambos os creadores logran dotar de presenza física estes seres axexantes, instalando o sorriso ante a descuberta de existencia paralelas á convencional e, ao mesmo tempo, certo desacougo perante a espreita á que estamos sometidos decote, aspecto reforzado ao rematarmos a lectura/contemplación, pois ben se advirte da existencia doutros moitos bechos de similares características.

Vidaurre transforma obxectos cotiáns –un tirarrollas, un metro, un abrelatas, un zapato, unha bisagra, un plátano, un interruptor da luz, unha cremalleira, unha fregona, un abridor, unhas tenaces e unha chave– en “animais” quiméricos: o abrenoites, o metrocol, o tibulatas, o bicopato, a bolbopecha, o platafiño, o pingüitor, a serpelleira, a frepolbo, o paxador, o tourotenaz e a chaveña. A presentación editorial ofrécenos a

Imaxina Animais ·

Xosé Ballesteros

e Juan Vidaurre ·

Kalandraka, 2008 ·

32 páx · 12 euros



completa relación de referencias artísticas que alicerzan o traballo, e que permiten unha indagación, e ao tempo un paseo, pola metaforización de Chema Madoz ou os poemas obxecto de Joan Brossa, mais tamén pola exploración de bestiarios clásicos e modernos que pode conducirnos dende Cortázar a Borges e levarnos da man a propostas como a de Abraham Vilchis (*Manual de zoología imaginaria para uso diario*, Ediciones y Gráficos Eón, 2006) ou *Animalario. Arte de la India* (Factoría K, 2006) de Kanchana Arni e Gita Wolf.

Dende o punto de vista literario salienta a habilidade de Ballesteros para desvelar a través de textos ben curtos, aos que non resulta alleo o xogo e a parodia, a adiviña que propón a imaxe, empregando unha completa *descriptio* que ofrece a enumeración de detalles que atinxen ao aspecto externo, ás calidades morais, costumes e carácter e á localización xeográfica precisa. O xogo lingüístico adquire relevancia sobre todo no eido da denominación destes seres híbridos, para o cal se recorre a códigos que remiten ás greguerías de Ramón Gómez de la Serna ou á lóxica semántica inventada por Lewis Carroll co *nonsense*, abrindo un mundo de posibilidades imaxinativas. Todo isto converte *Imagina animais* nun volume para lectores e lectoras de todas as idades do que paga a pena gozar e que permite continuar a proposta de transformación fóra das convencións do real. // **Isabel Soto**

